



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) para a utilización de vehículos fóra de uso nas prácticas do alumnado de formación profesional da familia de Transporte e mantemento de vehículos

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia,

Dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

En representación de cadansúa consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e no 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

E don Germán Catoira Lamela presidente da Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA), segundo consta en acta nº 27 da asemblea ordinaria da Asociación celebrada en Santiago de Compostela o 30 de xuño de 2009.

EXPOÑEN

1. Que de acordo co Real decreto 265/2021, do 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil e polo que se modifica o Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real





Decreto 2822/1998, do 23 de decembro, os vehículos ao final da súa vida útil (VFU) teñen a obriga de entregarse nun centro autorizado para o tratamento dos vehículos ao final da súa vida útil (CAT), entrega que se considera válida para dar a baixa definitiva dos vehículos.

Varias son as novidades introducidas pola nova norma, entre elas a relativa a distinción entre vehículos e automóbiles así como entre vehículos ao final da súa vida útil e automóbiles ao final da súa vida útil, consonte ás definicións efectuadas no art. 3 do dito regulamento.

2. Que a actividade formativa desenvolvida nos centros formativos que imparten ensinanzas de formación profesional da familia de Transporte e mantemento de vehículos necesita da utilización de vehículos sen descontaminar para que o alumnado realice as prácticas previstas no currículo destas ensinanzas para a obtención do título correspondente.

3. Que Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

4. Que a forma máis habitual, sinxela e económica para que os centros de formación poidan dispoñer de vehículos para facer as prácticas é que os CAT que en Galicia están asociados en TRAVEGA, proporcionen aos centros formativos os vehículos para a realización das prácticas das ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos; pero a normativa ambiental establece que os vehículos unha vez que entren nos CAT son considerados residuos e ademais, para evitar os riscos ambientais que pode producir a acumulación dos vehículos non descontaminados nos CAT, establece a necesidade de proceder á súa descontaminación no prazo de trinta días de conformidade co establecido no art. 6.2 do Real decreto 265/2021, do 13 de abril.

5. Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tendo en conta que os centros de formación profesional non realizan ningunha actividade de descontaminación nin de tratamento





dos vehículos, que só os utiliza para realizar prácticas formativas e que unha vez finalizadas o vehículo é devolto ao CAT para proceder á súa descontaminación, entende que non hai ningún inconveniente na entrega de vehículos aos centros que impartan as ensinanzas, referidas na cláusula anterior, sempre que sexa nunhas condicións que eliminen o risco ambiental na utilización destes vehículos na realización das prácticas formativas do alumnado, que curse estas ensinanzas, e interpreta que nestes casos o prazo de trinta días que, de conformidade co establecido no art. 6.2 do Real decreto 265/2021, do 13 de abril, teñen os CAT para descontaminar o vehículo debe computarse a partir da data de aceptación por estes do vehículo fora de uso unha vez que sexa devolto polo centro de formación.

6. Por todo isto, as partes asinantes están dispostas ao establecemento dunhas pautas de conduta que permitan a utilización de vehículos dos CAT para a realización das prácticas formativas do alumnado, que curse as ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos.

En consecuencia, as partes asinantes acordan subscribir este convenio, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e TRAVEGA para facilitar unha solución aos centros de formación profesional da Xunta de Galicia para a utilización de vehículos fóra de uso en funcionamento para facer prácticas o alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos.

Segunda. Actuacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda permitirá que os CAT poidan ceder temporalmente un vehículo descontaminado ou non descontaminado para fins formativos aos centros de formación profesional da Xunta de Galicia, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:





- a. Que os vehículos a entregar deben estar identificados de feito individual mediante o número de bastidor e o seu traslado non ocasionará ningún risco ambiental.
- b. Que en todo momento se poida determinar quen é o titular e responsable do vehículo; para iso deberase utilizar o modelo de documento de identificación que figura no anexo I do presente convenio, e que deberá acompañar ao vehículo durante o seu traslado entre o CAT e o centro de formación.
- c. No caso de que se envíen os vehículos descontaminados, utilizarase o mesmo modelo de documento de identificación recollido no anexo I, seleccionando o código LER que proceda.
- d. Que os traslados de VFU que se realicen no ámbito deste convenio poderán realizarse cos medios de transporte que dispoña o CAT. Nestes casos o traslado non se considerará a efectos do transporte de residuos como un transporte profesional de residuos no senso previsto no artigo 29.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, estando exento de presentar comunicación previa á administración ambiental pola realización desta actividade.
- e. Que os centros de formación poden recibir estes vehículos para realizar prácticas de formación sen que teñan que adquirir a condición de xestores de residuos.
- f. Que unha vez utilizado o vehículo no centro de formación para realizar as prácticas, este será devolto ao mesmo CAT que cedeu o vehículo, debéndose proceder a realizar as labores de descontaminación no prazo dos 30 días seguintes ao que firmou o correspondente documento de identificación.

Terceira. Actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade relacionará os centros de titularidade pública que imparten ensinanzas de formación profesional da familia de Transporte e mantemento de vehículos que poden ser receptores dos vehículos usados.

Así mesmo, estes centros formativos:

- Determinarán o número de vehículos fóra de uso a ceder polo centro de tratamento de residuos, en función das súas necesidades de formación, sen que en ningún caso poida exceder de 20 vehículos ao ano por centro.





- Responsabilizaranse da xestión dos residuos que coa súa actividade se orixinen, entregándoos a xestores autorizados para o seu tratamento.
- Comprometeranse a non realizar ningunha actividade de descontaminación ou de tratamento de residuos.

Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade remitirá as partes asinantes do convenio o listado de centros de titularidade pública que imparten ensinanzas de formación profesional da familia de Transporte e mantemento de vehículos e difundirá este convenio entre estes centros.

Cuarta. Actuacións de TRAVEGA

TRAVEGA comprométese a entregar, coas condicións económicas que se establezan entre o centro de formación e o CAT, o número de vehículos fóra de uso sen descontaminar ou descontaminados, necesarios en cada caso.

Os CAT cedentes deberán observar o previsto neste convenio así como ás previsións contidas Real decreto 265/2021, do 13 de abril, en particular polo que atinxe ao requirido na Disposición adicional segunda en relación coa cesión temporal para finalidades específicas de VFU dados de baixa definitiva na Dirección Xeral de Tráfico.

Ademais, TRAVEGA difundirá este convenio entre os seus asociados.

Quinta. Desenvolvemento nos centros educativos

Os vehículos fóra de uso permanecerán no centro educativo por un período máximo de dous anos e unha vez transcorrido procederase á súa recollida polo centro de tratamento que cedeu o vehículo segundo o previsto neste convenio.

Este prazo será prorrogable, para aqueles vehículos, que por particularidades da tecnoloxía que incorporan, interese mantelos no centro por un período máis longo, a fin de poder impartir a materia do currículo. Esta ampliación do prazo acordarase entre o centro de formación e o centro de tratamento, formalizárase por escrito e comunicarase á comisión de seguimento, prevista na cláusula sexta, que deberá vixiar que unha regra excepcional non se converta en ordinaria e que esa prórroga non exceda da vixencia do convenio do que trae causa.





Sexta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de realizar un balance das accións realizadas e planificar actividades futuras. Esta comisión reunirase cando así o estime oportuno e como mínimo unha vez ao ano e estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Dúas persoas representantes de TRAVEGA.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que actuará como secretaria.

Sétima. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Oitava. Modificación e resolución do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de





medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as partes integrantes deste convenio que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes asinan o convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e
Vivenda

Román Rodríguez González

Ángeles Vázquez Mejuto

O presidente da Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA)

Germán Catoira Lamela





ANEXO I
DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN DE VEHICULOS FÓRA DE USO PARA FINS DE FORMACIÓN, SIMULACRO OU INVESTIGACIÓN

Sinatura do responsable do envío:

Documento **GA N°**

A. DATOS A CUBRIR POLO REMITENTE

A.1. DATOS DO CESIONARIO	
Nome ou razón social:	
Denominación do centro:	NIF:
NIMA:	Provincia:
Enderezo:	Telf.:
Concello:	Correo electrónico::
Persoa responsable:	
A.2. DATOS DOS VEHICULOS QUE SE TRANSFIREN	
Data da comunicación da cesión temporal do VFU á xefatura provincial de Tráfico:	
Características destacables para o seu transporte e manexo:	
Codificación LER-VEH: *SINALAR O QUE PROCEDA	
16 01 04* 10 AUTOMÓBILES AO FINAL DA SÚA VIDA ÚTIL	
16 01 04* 20 VEHÍCULOS AO FINAL DA SÚA VIDA ÚTIL NON INCLUÍDOS NO LER 16 01 04* 10	
160106: VFU QUE NON CONTEÑAN LÍQUIDOS NIN OUTROS COMPOÑENTES PERIGOSOS	
Descrición:	
Cantidade de vehículos	
Nº de bastidor:	
Nº de bastidor:	
Nº de bastidor:	
A.3. DATOS DO CENTRO DE TRATAMENTO DE VEHICULOS FÓRA DE USO	
Nome ou razón social:	NIF:
Denominación do centro:	Nº inscrición:
NIMA:	Provincia:
Enderezo:	Telf.:
Concello:	Correo electrónico::
Persoa responsable:	
A.4. DATOS DO TRANSPORTE COMPLETO PREVISTO	
Data de inicio	Data de entrega:
Razón social:	
Tipo de transporte:	Telf.:
NIF do transportista:	Correo electrónico:

B. DATOS A CUBRIR POLO RECEPTOR

Incidencias respecto aos datos do bloque A:	
ACEPTACIÓN: SI ☐ NON ☐	Sinatura do/a responsable:
Cantidade aceptada (Kg.netos):	
Data:	Asinado (nome e apelidos)

